



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.

POLA QUE SE MODIFICA O DECRETO 2022-0233 DE DATA 09/05/2022 MEDIANTE O CAL ESTABLÉCESE NOVA DATA DE REALIZACIÓN DA ENTREVISTA PARA A ACTUALIZACIÓN DA LISTAXE DE CONTRATACIÓN TEMPORAL DE AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR.

Visto que no decreto 2022-0233 de data 09/05/2022 establecíase como data da entrevista o mércores 11 de maio de 2022 ás 13:00 h., e ante a imposibilidade sobrevida de constituir o tribunal establécese nova data para a realización da entrevista o luns, 23 de maio de 2022 ás 13:00 quedando a redacción segundo o que consta a continuación:

“Rematado o prazo para a presentación de instancias das persoas aspirantes que desexen actualizar os seus méritos ou a inclusión na listaxe para a provisión de prazas de auxiliar de axuda no fogar mediante a contratación laboral temporal.

Consultado o rexistro municipal ata o 05-02-2022 presentáronse as seguintes solicitudes de aspirantes para formar parte da listaxe:

- *Rebeca Ibars Fuentes.*

E a seguinte solicitude para a actualización de méritos:

- *Estefanía Santalla González.*
- *Manuela Bouza Varela.*
- *Paula Pérez Salinero.*

E a inclusión novamente na lista de:

- *Edy Yude Mercado Espejo.*

Vistas as solicitudes ou instancias presentadas e examinada a documentación adxunta a elas e dado que as solicitudes reúnen os requisitos necesarios para a súa admisión,



Vistas as solicitudes ou instancias presentadas e examinada a documentación adxunta o 29/04/2022 aprobase a listaxe provisional de relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas para participar no referido proceso selectivo de actualización de méritos.

Pasados os 5 días hábiles sen que houbera solicitudes de reclamación a listaxe procederase a elevar a definitiva a relación de persoas candidatas para a fase de actualización de méritos para a súa inclusión na listaxe definitiva de auxiliares de axuda no fogar para contratacións de carácter temporal”

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas para participar no referido proceso selectivo para a actualización da listaxe para a provisión de prazas de auxiliar de axuda no fogar mediante a contratación laboral temporal, que seguidamente se reproduce:

ASPIRANTES ADMITIDAS PARA A INCORPORACIÓN A LISTA	
NOME E APELIDOS	DNI
Rebeca Ibars Fuentes	*****380H

ASPIRANTES ADMITIDAS PARA ACTUALIZACIÓN DE MÉRITOS	
NOME E APELIDOS	DNI
Estefanía Santalla González	*****776D
Manuela Bouza Varela	*****853R
Paula Pérez Salinero	*****665G

SOLICITUDE DE REINCORPORACIÓN Á LISTAXE DESPÓS DE SUSPENSIÓN DE



CHAMAMENTO	
NOME E APELIDOS	DNI
Edy Jude Mercado Espejo	*****468F

SEGUNDO.- Nomear a comisión seleccionadora de conformidade co punto 6 das bases coa seguinte composición:

Presidente: David Saavedra Pino. Traballador Social.
Secretario: Alfonso Manuel Alcalá Pérez.
Vogal 1: Pilar Calvo Pico.

A comisión seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e demais circunstancias e incidencias que xurdan durante o proceso así como tomar acordos que procedan.

TERCEIRO.- Convocar ao tribunal para a valoración de méritos o luns, 23 de maio de 2022 ás 13:00 h no Salón de Plenos da Casa do Concello de San Sadurniño.

CUARTO.- Ordear a exposición ao público do contido da presente Resolución mediante a súa publicación no taboeiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Asinado dixitalmente ao marxe, polo Alcalde, Secundino García Casal, do que eu o Secretario-Interventor Alfonso Manuel Alcalá Pérez, dou fe.

